

O tabú na traslenda de Isidro Novo

9 de abril de 2018

A última novela do autor relata a vida dunha parroquia galega, Amarelle, e a dos seus parroquianos en relación con Amado e coa Moura, fíos conductores da narración. Estamos diante da convivencia de seres sobrenaturais e terrenais que teñen as mesmas ambicións e procuras, mais sabéndose aqueles superiores, non deixan de axudar aos que viven na aldea.

Hai reminiscencias de Pedro Páramo de Juan Rulfo ao longo de toda a obra, pero coa novidade de que aquí non están todos mortos, senón que vivos e mortos conviven xuntos nun tríptico temporal e amatorio:

1º.- A Moura ancestral que representa un pasado remoto.

2º.- “O Elegante”, Amado Trasancos, que amosa e evoca aos mortos que aínda fai pouco chegaron ao mundo sobrenatural da Moura e representa o pasado próximo.

3º.- Os parroquianos que reproducen o presente, a realidade implícita ás vivencias actuais.

O sobrenatural e o surrealismo sobrevén a miúdo ao longo de toda a obra, como por exemplo aquel carballo que cambiaba de sitio cando lle petaba, chámabano Landriña e fora plantado o mesmo día que nacera Remixio da Cabana, afillado de Amado. O Landriña non abandonaba os límites da parroquia e era moi amigo de ver bailar, e nas festas patronais aparecía sempre no campo da festa.

Na obra, hai un tratamento maxistral dos olores e das fragancias, parece como se houbera unha loa aos perfumes e aos olores simples que se poden percibir. A un personaxe chamado Arístides Andrade, o perfume cúralle a súa saúde mental; Arístides pai, cría que fora que se atopara cunha meiga e levouno a analizar a un laboratorio aquel líquido transparente que resultou ser auga purísima e destilada. Os perfumes invaden a obra e as fragancias recórdannos a Gabriel Miró en obras como “El Obispo Leproso” ou “Nuestro padre San Daniel”

Se Cunqueiro non morrera, a prosa e o asunto, atraveríamolos a dicir que é do mesmo Cunqueiro que vén do trasmundo anunciándonos a Pena da Moura, onde vive ese ser “A Moura” lendaria da nosa Galiza, na parroquia de Amarelle, que representa a todas as parroquias da nosa terra.

Non hai un argumento lineal, á usanza, onde os sucesos se incardinan como elos da cadea argumentativa, senón que máis ben semella a presenza dun personaxe colectivo que é o pobo de Amarelle unido pola Moura e polo seu Amado Trasancos xunguidos polo amor; amor que tamén conforma un tríptico, pois a Moura chámase Amara e ao que ama chámase Amado Trasancos e por riba de todo viven no pobo de Amarelle. Como vemos, a obra representa tamén un canto ao amor entre o natural e o sobrenatural e para darlle máis realidade, encadea personaxes irreais como o licántropo Roque ou o Masiño dos Mirabeis coa realidade, por exemplo, do filólogo Aníbal Otero, entre outros.

Amigo Isidro, sabemos que esta novela é o teu derradeiro fillo novelado, e nel déixasnos recordos do que sempre che gustou, o viño, os olores, o mundo mítico . . ., en definitiva a Galiza dos teus amores e pola que sempre loitaches.

Fagamos lembranza de Isidro Novo e leamos esta novela que, ben seguro, chegará ao máis profundo de nós mesmos porque nós tamén formamos parte de Amarelle.